

BANDO

Continuando coas medidas desta Alcaldía para previr e evitar os contaxios polo virus que nos está afectando, dende o departamento de Medio Ambiente deste Concello de Muxía e tralo Acordo do Centro de Coordinación Operativa (CECOP) publicado no DOG de hoxe venres día 17 de abril de 2020, indícase que os residuos ordinarios xestionaranse de forma habitual, excepto os das persoas confirmadas que son positivas no “COVID-19 SARS-CoV-2 ” e/ou as que están a espera dos resultados, as cales deben de ter en consideración as seguintes medidas na **xestión dos seus residuos domésticos**, seguindo este procedemento de obrigado cumprimento:

- *Os residuos dun residente confirmado por COVID-19, incluído o material dun só uso (panos, máscaras), eliminaranse nunha bolsa de plástico (BOLSA 1) nun cubo de lixo disposto no cuarto, preferiblemente con tapa e pedal de apertura, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe.*
- *A bolsa de plástico (BOLSA 1) debe cerrarse adecuadamente e introducirse nunha segunda bolsa de lixo (BOLSA 2), ao lado da saída do cuarto, e pecharase adecuadamente antes de saír do cuarto.*
- *A BOLSA 2, cos residuos anteriores, depositarase na bolsa de lixo (BOLSA 3) co resto dos residuos. A BOLSA 3 tamén se cerrará adecuadamente.*
- *Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos durante 40-60 segundos.*

Ademais en canto o lavado da **roupa e louza**, recoméndase o seguinte:

- *Os cubertos, vasos, pratos e demais utensilios reutilizables lavaránse con auga quente e xabón ou preferiblemente no lavalouzas, utilizando un programa unha temperatura da auga superior a 50º.*
- *A roupas do cuarto do paciente embolsárase e pecharase dentro do propio cuarto. A roupas non deberá ser sacudida e recoméndase lavala cun ciclo completo a unha temperatura de entre 60 e 90 graos.*

Muxía, 17 de Abril de 2020

O Alcalde

Santiago M. Toba Campaña

(asinado dixitalmente a marxe)